



XUNTA DE GALICIA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL
AUGAS DE GALICIA E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE PARA
A DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DE INFORMACIÓN EN TEMAS ENCAMIÑADOS Á
CONCIENCIACIÓN DE ESCOLARES SOBRE O USO RESPONSABLE DA AUGA**

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Santiago Pérez Otero, provisto de DNI , que actúa en nome e representación da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, con N.I.F. núm , en virtude de escritura de apoderamento outorgada ante o notario de Galicia D. Francisco Manuel Ordóñez Armán, o 24 de febreiro de 2011, co número 497 do seu protocolo.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

I.- A Constitución española recoñece no seu artigo 34.1 o dereito de fundación para fins de interese xeral.

Neste sentido, e tal e como recolle a exposición de motivos da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, a institución das fundacións destaca como un instrumento adecuado de participación da sociedade galega na acción social, cultural,



científica e doutros ámbitos, o que se manifesta como unha expresión creativa do ánimo altruísta e solidario dos seus membros. En definitiva, son entidades non lucrativas cun papel propio e diferenciado dentro do marco do Estado social e democrático de dereito. Así, cómpre recoñecer a importancia vital das fundacións neste eido, como medio fundamental de coparticipación e de colaboración da cidadanía no sector público.

Por esta razón, a Comunidade Autónoma de Galicia entende que se debe estimular a iniciativa privada na realización de actividades de interese xeral, prestándolle apoio e cobertura ao protagonismo que a sociedade reclama e exerce a través dunha variada gama de entidades sen ánimo de lucro, para o cal se flexibiliza o seu réxime xurídico nos aspectos que máis adiante se relacionan.

En definitiva, as fundacións desempeñan un papel relevante para promover a participación nos diferentes eidos sobre os que estas poden actuar, pois, desenvolven unha labor de intermediarios respecto de cantos non están en condicións de coñecer as actividades desenvoltas nos referidos campos directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

II.- Augas de Galicia considera a educación e sensibilización sociais como unha das ferramentas máis importantes na consecución dos obxectivos da Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no eido da política de augas, coñecida como Directiva Marco de Auga. Obxectivos que estes organismos asumen como propios e entre os que cabe destacar, no ámbito de aplicación deste convenio, a protección das augas superficiais continentais, e mais especificamente dos ecosistemas fluviais a través da promoción dun uso sustentable da auga.

III. A "Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre", declarada de interese cultural e galego por ordes das consellerías de Presidencia e Administración Pública de 27/11/1997 e Cultura, Comunicación Social e Turismo de 16/01/1998, e acollida aos beneficios fiscais dispostos pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, ten como obxecto social, entre outros, concertar coa Universidade, a Administración Pública e as entidades financeiras a



XUNTA DE GALICIA

galicia

realización de programas de investigación, cursiños, seminarios e conferencias que sexan de interese para as empresas de comunicación social e artes gráficas galegas. Para a realización de tales finalidades pode desenvolver, na medida dos seus medios económicos e de conformidade cos programas concretos que, en cada caso aprobe o seu Padroado, todas as actividades que estime oportunas e, de forma especial, organizar cursos, conferencias, congresos, simposios, coloquios e sesións de estudo e investigacións sobre temas e problemas relacionados coa cultura e a comunicación social.

IV. As partes comparecentes, como forma de contribuír á formación dunha opinión pública libre, plural e democrática, xulgan de relevante transcendencia impulsar o desenvolvemento de actividades relacionadas coas materias de ámbito competencial da consellería.

V. Na súa consecuencia e, dado o interese coincidente entre a Entidade pública empresarial Augas de Galicia e a "Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre" de impulsar as devanditas actividades, acordan a formalización deste convenio de colaboración para a finalidade antes descrita e con suxeición ás seguintes

VI.- En consecuencia, as partes acordan a formalización dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Este convenio ten por obxecto articular a colaboración da Entidade pública empresarial Augas de Galicia coa "Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre" para a difusión e divulgación de información en temas encamiñados á concienciación de escolares sobre o uso responsable da auga.

Máis en concreto, as actividades derivadas deste convenio consistirán en :

- Planificar, deseñar e elaborar a información e material divulgativo relativo aos contidos propostos en colaboración con Augas de Galicia, necesarios para o desenvolvemento das accións de difusión e divulgación obxecto deste convenio.



- Publicación, no período de vixencia do convenio, no suplemento do xornal que edita La Voz de Galicia, SA, de temas relacionados coa divulgación e concienciación a escolares sobre o uso responsable da auga e os diferentes aspectos do ciclo da auga.

Esta colaboración apoiará os contidos do suplemento editado por La Voz de Galicia,SA, ao tempo que se realizarán as reseñas e informacións que se estimen necesarias para alcanzar a oportuna difusión na sociedade galega da organización de tales actuacións e actividades, a través dos medios de comunicación que se determinen (La Voz de Galicia, Radio Voz e www.lavozdeg Galicia.es).

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados corresponderalle exclusivamente á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Todos os datos e informacións serán de elaboración propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Malia isto, Augas de Galicia facilitará tanto os datos que considere relevantes para a súa difusión como aqueles que lles sexan solicitados pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre e poderán formular verbo dos datos e informacións as observacións que estimen pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberán ser tidas en consideración.

Segunda.- En razón das achegas realizadas pola empresa editora para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, da que a súa desagregación queda recollida no anexo da memoria deste convenio, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de oitenta mil euros (80.000,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento para o exercicio 2018, e o gasto imputarase á conta 219 "Outro inmovilizado inmaterial" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre entregará á Augas de Galicia a seguinte documentación:



1. Un certificado asinado por persoa responsable onde se exprese que por parte da fundación se realizou a totalidade do obxecto do convenio.
2. Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, na que se indicará a materia competencia de Augas de Galicia sobre a que versou a actuación e se acompañará dunha copia dos contidos editados e publicados polo medio en cuestión. Cada unha das actuacións irá acompañada co seu texto descritivo correspondente, unha imaxe representativa da actuación e a referencia ao persoal encargado de realizar a actuación.

Todo isto esixirá a previa e expresa conformidade da persoa designada por Augas de Galicia, á que se refire a cláusula quinta deste convenio de colaboración, coa documentación achegada para acreditar o cumprimento das obrigas que, pola referida fundación, se asumen ao asinar este convenio. Poderán efectuarse pagos parciais, conforme se acredite a publicación das actuacións obxecto deste convenio.

Terceira.- O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Cuarta.- A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e Augas de Galicia de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia a empresa editora asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Quinta.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión paritaria de seguimento que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá a petición dunha das partes. Dita comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, a entidade Fundación designará unha persoa como representante de a dita fundación ante Augas de Galicia no prazo de tres



días contados dende a sinatura do convenio. A referida persoa manterá contacto directo e habitual coa persoa designada por Augas de Galicia coa finalidade de coordinar e executar eficazmente as actividades que prevé este convenio de colaboración.

Sexta.- Serán causas de resolución:

- a) A denuncia do convenio de colaboración por calquera das partes.
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que regulan o presente convenio.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.

Sétima.- A entidade pública empresarial Augas de Galicia cumprirá coas obrigas específicas de información de convenios de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes a favor de Augas de Galicia para o tratamento necesario dos datos relevantes da colaboración acordada e a súa publicación.

Oitava.- Neste convenio, correspóndelle á Augas de Galicia a prerrogativa de interpretar e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, e os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Novena.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicado.



XUNTA DE GALICIA

galicia

PRESIDENTA DE AUGAS DE GALICIA

**FUNDACIÓN SANTIAGO REY
FERNÁNDEZ-LATORRE**

Ethel María Vázquez Mourelle

Santiago Pérez Otero